# O NÚMERO

## 1) Os nomes rematados en vogal (átona, tónica ou ditongo) ou -N fan o plural engadindo -S. Exemplos:

Leira - leiras  Alelí - alelís  Rei - reis  Curmán - curmáns

Mitin - mitins  Avó - avós  Lei - leis  Dolmen - dolmens

## 2 ) Os nomes rematados en -L forman o plural de forma diferente segundo os casos:

### a) Engaden -ES:

- **Os monosílabos**. Exemplos: cal- cales sol- soles mel- meles pel- peles
- **Os graves e esdrúxulos**. Exemplos: fácil- fáciles téxtil- téxtiles túnel- túneles mísil- mísiles

### b) Cambian o -L por -IS:

- **Os seguintes monosílabos**: cruel- crueis fiel- fieis truel- trueis.
- **Os agudos de máis dunha sílaba**. Exemplos: baúl bauis azul- azuis

funil- funís papel- papeis aval- avais español- españois

## 3) Os nomes rematados en -S forman o plural de distintas formas,

**segundo os casos:**

**a) Engaden -ES os nomes agudos de máis dunha sílaba. Exemplos:** cortés- corteses portugués- portugueses francés- franceses

**b) Son invariables, é dicir, comparten a mesma forma para o singular e o plural:** o resto das palabras rematadas en –S (monosílabos e polisílabos non agudos). Exemplos: o luns- os luns o mércores- os mércores o lapis- os lapis.

**4) Os nomes rematados en -R ou -Z fan o plural engadindo -ES.**

Exemplos: maior- maiores rapaz- rapaces nariz- narices calor- calores

**5) Os estranxeirismos e os cultismos forman o plural engadindo -S.** Exemplos: album- albums anorak- anoraks complot- complots frac- fracs

test- tests iceberg- icebergs

sándwich- sándwichs lord- lords

**6) O plural dos substantivos compostos pode facerse de dúas maneiras:**

**a) Compostos nunha soa palabra: seguen a norma dos substantivos simples.**

Exemplos: sapoconcho sapoconchos parabén parabéns bailanacriba bailanacribas

*** Excepcións**: as palabras compostas sobre un monosílabo rematado en -L como segundo elemento fan o plural engadindo –ES. (e non en –IS): Exemplos: ollomol- ollomoles parasol- parasoles chuchamel- chuchameles

*** Caracol e aerosol** non son palabras compostas, daquela o seu plural será: caracois / aerosois

**b) Compostos en dúas (ou máis) palabras:**

- Substantivo + substantivo: plural no primeiro elemento: casa cuartel casas cuartel
- Substantivo + adxectivo: plural nos dous elementos: garda civil gardas civís
- Substantivo + preposición + substantivo: plural no primeiro elemento: porco de ceba porcos de ceba